



## **O Parlamento de Galicia acolleu o acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia, a título póstumo, ao exdeputado Ceferino Díaz**

- **A presidenta da Cámara, Pilar Rojo, subliña o espírito de consenso do homenaxeado, “aberto ao diálogo e disposto a prestixiar o autogoberno e a esta Cámara nun tempo no que todo ou case todo estaba por facer”**
- **Anima a “impregnarnos” do espírito de Ceferino Díaz no Parlamento actual, “para comprender que, aos sermos elixidos, recibimos tamén un mandato de concordia”**

**Santiago, 11 de novembro de 2013.-** O Parlamento de Galicia acolleu esta tarde o acto de entrega da Medalla de Ouro de Galicia, a título póstumo, ao exdeputado Ceferino Díaz Díaz. A medalla foi entregada a unha das fillas do homenaxeado polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, nun acto no que se deron cita numerosas personalidades, amigos e compañeiros de Ceferino Díaz.

A presidenta da Cámara, Pilar Rojo, agradeceu a elección da sede do legislativo galego para facer entrega desta distinción e considerou que “poucos lugares resultan máis acaídos que o Parlamento de Galicia para acoller este acto”, xa que Ceferino Díaz foi deputado autonómico nas catro primeiras legislaturas, entre 1981 e 1997.

### **Disposto a prestixiar o autogoberno e o Parlamento**

Do homenaxeado, a titular do Legislativo galego destacou o seu espírito de consenso, “aberto ao diálogo, e disposto a prestixiar o autogoberno e a esta Cámara nun tempo no que todo ou case todo estaba por facer”.



## **Mandato de concordia**

Reflexionando sobre o momento actual, Pilar Rojo considerou que sería bo “impregnarnos” do espírito de Ceferino Díaz no Parlamento “para aprender a ollarnos como adversarios políticos, nunca como inimigos; para aprender que sempre hai espazo para o entendemento; para interiorizar que, por riba de todo, nos debemos aos cidadáns; e para comprender que, ao sermos elixidos, recibimos tamén un mandato de concordia”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.